



Premio Especial «I Concurso Olladas 2015 para escolares: A miña familia, antes e agora».
 Autor: Edgar Peteira Iglesias, CEIP Veleiro Docampo, Castro de Rei (Lugo)

FALLO

I Concurso Olladas 2015 para escolares: *A miña familia, antes e agora*

Reunidos no MPlugo o xurado encargado de fallar o «I **Concurso Olladas 2015 para escolares: A miña familia, antes e agora**», presidido polo vicepresidente da Deputación de Lugo, Antonio Veiga, o delegado de Cultura e Turismo da Deputación de Lugo, Mario Outeiro, a xefa de Servizo de Cultura e Turismo, Mercedes Lamela, a xerente da Rede Museística, Encarna Lago, e a directora do Museo Provincial, Aurelia Balseiro, acordan, consonte ao establecido nas bases da convocatoria, conceder os seguintes premios:

1.^a CATEGORÍA: participantes de catro a seis anos.
 Deserto

2.^a CATEGORÍA: participantes de sete a nove anos

1.º premio: pendrive; lote de libros; suadoiro e material divulgativo da Rede Museística, para LAURA GARCÍA FERNÁNDEZ, do CEIP Veleiro Docampo, Castro de Rei (Lugo)

2.º premio: pendrive; suadoiro e material divulgativo da Rede Museística, para HUGO DÍAZ SORDO, do CEIP Veleiro Docampo, Castro de Rei (Lugo)

3.º premio: pendrive e material divulgativo da Rede Museística, para ALEXIA ROJO FERNÁNDEZ, do CEIP Veleiro Docampo, Castro de Rei (Lugo)

3.^a CATEGORÍA: participantes de dez a catorce anos

1.º premio: pendrive; lote de libros; suadoiro e material divulgativo da Rede Museística, CELIA PEREIRO BLANCO, do CEIP Veleiro Docampo, Castro de Rei (Lugo)

2.º premio: pendrive; lote de libros e material divulgativo da Rede Museística, para LUISA PEREIRO GARCÍA, do CEIP Veleiro Docampo, Castro de Rei (Lugo)

3.º premio: pendrive e e material divulgativo da Rede Museística, para NEREA CORTÓN CASTRO, do CEIP Veleiro Docampo, Castro de Rei (Lugo)

PREMIO ESPECIAL

Premio Especial ao mellor debuxo «I **Concurso Olladas 2015 para escolares: A miña familia, antes e agora**», que será a imaxe que usarán os Museos da Rede Museística para difundir as actividades do **Día Internacional dos Museos 2015**

Premio: Tableta de última xeración; pendrive; suadoiro e material divulgativo da Rede Museística, para EDGAR PETEIRA IGLESIAS, do CEIP Veleiro Docampo, Castro de Rei (Lugo)

Como complemento do Premio Especial serán agasallado o alumnado pertencente ao mesmo curso e centro de ensino co Premio Especial cunha viaxe cultural pola provincia de Lugo, con todos os gastos pagados (transporte, almorzo, actividades etc.)

Nota: incluíranse todas as clases que pertencen a ese curso. A,B,C...

Todos os traballos presentados serán expostos na páxina web da Rede Museística nos días anteriores e posteriores ao 18 de maio, **Día Internacional dos Museos 2015**.

O xurado acorda así mesmo agradecer ao profesorado e alumnado participante tanto a calidade como a cantidade dos traballos presentados a concurso

A entrega dos premios terá lugar nun acto público o día 18 de maio de 2015, ás 12.00 h. no Museo Provincial de Lugo, para o que se convoca aos alumnos premiados e profesorado coordinador.

Lugo, 11 de maio de 2015



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura e Turismo



REDE MUSEÍSTICA
PROVINCIAL DE LUGO